



Porto de Vilagarcía

Orientados à satisfacción do cliente



Ubicación óptima no centro de la fachada atlántica gallega



Expertos en mercancía general, convencional e contenerizada



Ata 13 metros de calado nos peiraos comerciais



Case 3.000 metros de liña de atraque en peiraos comerciais



Plena intermodalidade: conexión ferroviaria en todos os peiraos



Excelentes comunicacións por estrada



Porto de Vilagarcía



Axente *loxístico* clave no *noroeste* peninsular

O Porto de Vilagarcía é unha plataforma loxística que axiliza e potencia a actividade industrial dun gran número de empresas da nosa zona de influencia.



A diversificación dos tráficos no porto de Vilagarcía dotou aos seus operadores e á propia Autoridade Portuaria de capacidade e experiencia no manexo de diversos tipos de mercadorías, entre elas a de contenedores.

O Porto de Vilagarcía conta con 2.665 metros lineais de atraques con calados na súa maioría de 11 e 13 metros. A liña de atraque nos peiraos comerciais é de case 3.000 metros.

Contamos con infraestruturas e equipamento para a manipulación de mercadoría xeral (incluída a contenerizada), graneis sólidos con e sen instalación especial e graneis líquidos.

Para o correcto desenvolvemento da actividade portuaria, o Porto dispón de diversas terminais enfocadas a un determinado tipo de tráfico, así como de amplos espazos de almacenamento ao pé dos peiraos, tanto cubertos como descubertos.

Peirao	Liña de atraque	Calado
Ferrazo N	380 m	13 m
Ferrazo L	209 m	13 m
Ferrazo S	271 m	13 m
Ferrazo	230m	11 m
Comboa	427 m	11 m
Comercial O	313 m	13 m
Comercial N	140 m	13 m
Comercial L	313 m	7 m
Ramal	252 m	7 m

Un hinterland en expansión

O porto de Vilagarcía está situado no centro da costa atlántica galega. A nosa localización permítenos dar resposta ás demandas dun amplo hinterland, que abrangue non só Galicia, senón todo o noroeste e centro peninsular.

As comunicacións terrestres son un dos puntos fortes do porto de Vilagarcía. Por unha banda, ten acceso directo á AP-9, que percorre Galicia de norte a sur, e que dá acceso á autovía do Noroeste e á autovía das Rías Baixas. Tamén ten fácil acceso ao resto da comarca do Salnés a través dun corredor.

No que se refire ao ferrocarril, o porto pode ofrecer este servizo en todos os seus peiraos comerciais, enlazando mediante un ramal de 1,2 km coa Rede Ferroviaria convencional a través da liña 818 Vilagarcía-Bifurcación de Angueira (Padrón), que se corresponde coa antiga vía ferroviaria por Catoira e Pontecesures, e tamén coa liña 824: Redondela-Santiago de Compostela.

A dispoñibilidade do transporte intermodal marítimo-ferroviario contribúe á expansión do interior do porto de Vilagarcía, xa que a circulación de mercadorías en tren resulta especialmente atractiva na media distancia e cara ao interior peninsular.






Principais tráficos

Os produtos incluídos na categoría de mercadoría xeral representan máis da metade do tráfico portuario e, ao tratarse de mercadorías cun importante valor engadido, achegan o 73% do valor total de todas as mercadorías que se desprazan polo porto.

A circulación de mercancías en contenedores supón aproximadamente entre unha cuarta parte e unha quinta parte de todo o tráfico portuario. O tráfico de colectores facilita a saída cara a Canarias de produtos elaborados en Galicia e cuxo principal destino é o mercado das illas, a través dunha liña regular con dúas paradas semanais, que une Bilbao, Vilagarcía, Portugal e Canarias, xestionada polo Grupo BOLUDA.

Na categoría de mercadoría xeral destacan tamén o aluminio e o taboleiro, dous produtos vinculados á actividade industrial na zona de influencia do porto de Arousa.



www.portovilagarcia.es
agonzalez@portovilagarcia.es
comunicacion@portovilagarcia.es
Tel: 0034 986 565 130/
0034 986 565 920

